

DO ENIGMA E AS SÚAS RUTAS

Mulher a facer vento, a colectánea de sete poetas galegas que veñen de editar as lisboetas Edições Tema, foi presentado na cidade do Tejo o 30 do pasado mes de maio nun acto que deu remate ás "I Xornadas das Letras Galegas en Lisboa" (co-organizadas polo Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades e pola Sociedade Guilherme Cossoul que ten nas Edições Tema o seu Departamento Literario). Se do 25 ó 30 de maio varios profesores e intelectuais galegos se deslocaron ata Lisboa para falar da nosa literatura, o libro que hoxe reseñamos veu pór o colofón a estas Xornadas amosando en vivo o feitío poético de sete autoras que se moven na heteroxeneidade temática e formal. Así, o volume -do que son responsables Alberto Augusto Miranda e Xoán Carlos Domínguez Alberte- ten a virtude de reunir a voces de longuísima traxectoria, como Luz Pozo Garza, xunto con xoves promesas con a penas unha obra publicada caso de Anxos Romeo; nomes xa instalados na memoria lectora cando pensamos na poesía dos últimos tempos como Yolanda Castaño, Olga Novo ou Emma Couceiro xunto a poetas de máis ampla obra como Ana Romaní ou Luísa Villalta.

Son sete voces, pois, que devalan entre modelos diversos mais afastados da etereidade, sinxeleza ou inconstancia propias do elemento que dá título ó volume. Todas elas focan os seus versos cara á tarefa común de *facer vento*, isto é, iluminar coa súa voz ese pozo insondable e escuro que é, as máis das veces, a escrita e, a un tempo, desvelar perante os nosos ollos o enigma que latexa nun *corazón que espera ser invadido pola luz*, que di Miguel Anxo Fernán-Vello no seu maxistral poema "Paisaxe interior do vento". Sen embargo, do mesmo xeito que o vento muda en velocidade, tensión e rumbo, as sete poetas recollidas en *Mulher a facer vento* amosan formas moi individuais de concibir o poema e a súa mensaxe redundando nunha pluralidade caracterizadora xa da poética galega finisecular.

A voz de Ana Romaní envólvenos, como o vento mareiro, nun universo de sensacións entretecido de agosto e froitas, nunha viaxe cara ó corazón de Lisboa - Alfama- que é tamén un descender ata o centro descoñecido dun eu poético que experimenta co sensual, coa vertixe do desexo liberadora mais angustiosa, rascando o azogue do espello ata ver que non todo é cristal:

*E as fiestras da loucura no temor, e os días sen luz que imaxinas,
ensimesmadas as horas no bater das augas contra a vida que non vives
alleada de ti, en ti perdida, nos labirintos do corpo somatizando*

as sombras do león.

E en ti tamén a calma.

Anxos Romeo disfruta enfrontando ó lector a enigmas de difícil resolución, deixándoo nu no centro desa espiral labiríntica e escura que é o seu verso. Como un tornado que adopta as roupaxes dunha poética surrealista e críptica, a autora proponnos nos textos recollidos neste volume un novo desafío: o de reflexionar sobre a memoria, a casa, o pasado, en definitiva, a realidade primixenia retorta e ambigua como unha serpe:

*toda a miña ambigüidade quere unha, abismal e diurna
que desgarre nas súas fiestras símbolos, glándulas,
fauces e alléas criaturas das pólas,
porque fronte ó sentimento que reseca os meus fluxos
continuará esa casa vestida
de ouricelos e cárpolas de neve sumerxidas na ausencia
que a razón mostra pra ocultar as súas neuronas de pedra.*

Como o ciclón enceta Emma Couceiro un exercicio de destruír falsas imaxes femininas resumidas baixo a tarefa común de agardar. A que agarda toma forma de princesa, de amiga enfrontada ó mar de Vigo, de Matilde de La Mole... Todas elas heroínas tráxicas unidas por unha forma radical de amosar a súa personalidade, reducidas a actos de entrega definitivos que desexan e desarman con mentiras onde facer patente a súa materia humana e radical:

*Despois de min non quedará nada
para baixar estas mareas que entregas mentres espero.
Pero escribe o que desexo,
o canto namorado da que agarda no adro da igrexa de Vigo,
a miña devoción
e o mar que non existe dentro.*

Autora fondamente preocupada pola busca da harmonía do verso, Luísa Villalta extrae das palabras a súa música oculta para trazar con ela o "Soliloquio da Serpe", un monólogo onde esta figura *maldita* se reivindica como ser que evolúe e busca exercer a súa propia liberdade. Siseante igual que a brisa que se eleva ata o noso oído coa palabra do animal, é o verso capaz de enliarnos no novelo de dúas serpes enlazadas que copulan e se transforman:

*Deste modo inventamos a conspiración do pensamento
que abriu as asas poderosas nun paréntese
entre as constelacións dos campos magnéticos
Así escribo eu
sobre a pel seca dos corpos vacíos
detida a morte apenas na traxectoria do voo
buscando pola transformación a luz primeira.*

Luz Pozo Garza -tras anos asistindo ó incrementar da potencia da súa voz lírica con motivos e formas que se entrelazan, mudan e medran igual que a galerna que, tras xestarse no mar, se achega á terra para romper coa orde establecida- ofrécenos dúas series de poemas: "Ondas do Mar de Vigo" onde evoca, como a amiga medieval, a forza do amor enfrontada á morte e "Memoria de África" que é un berro aterecido en favor dos desarraigados, dos carentes de casa e terra, dos famentos sen esperanza:

*Un meniño zugaba na teta
da nai morta...*

*Mais un tam-tam repercute nas consciencias
desde o país da fame
Desde a morte*

*Mais unha flor en tanto violada
declárase en urxencia.*

Como o circio, Olga Novo segue afondando nesa explosión de xúbilo e forza pannaturalista que a caracteriza. A nai, a esencia verdadeira do que somos contida na terra, na natureza agreste e salvaxe que se evidencia nun erotismo sen trabas, sen límites, volven colonizar o seu verso ata levala a definirse, a explicarse dun xeito case metapoético rompendo co eufemismo:

*son tan obscena porque sei
que esta é a fin do tempo e de tódalas épocas.*

*é o momento da mordedura do alacrán:
non sei vivir doutra maneira se non é enferma
de ter feras ó límite por dentro.*

O turbillón léxico e de ideas que Yolanda Castaño deixa fluír sempre nos seus versos, que tanto recorda ó tifón, volve marcar os poemas de "O Culto" con ritos que teñen moito de miseria e agonía, dunha dominación morbosa e pracenteira a un tempo por máis que sexa escura e diferente, que desacougue na súa expresión directa:

*Éntreme unha agonía que me quenza ata a garganta
unha nave de estrugas que facía tanta falla e déixame chorar.
Que xurda e que descarne
apetéceme unha anguria enferma unha miseria enferma unha
mórbida compracencia.*

Así pois, *Mulher a facer vento* -ademais dunha fiestra que se abre desde Lisboa cara á nosa literatura- é unha mirada curiosa e global pola obra de sete das nosas poetas; polas súas propostas sólidas, diversas e renovadoras. Se, como din os dicionarios de símbolos, o vento anuncia sempre un cambio próximo, nos versos destas autoras mudará o enigma desentrañado en luz.

TERESA SEARA

A Nosa Terra, 836, 25-6-1998, pp. 28-29.